



### CONCELLOS

#### BALEIRA

##### *Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 21/04/2020 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **1º bimestre do 2020**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 20/04/2020 e 19/06/2020 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 20/04/2020. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 22 de Abril de 2020.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0771

### CHANTADA

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 15/04/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a marzo 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a marzo do 2020 terá lugar neste municipio dende o día 16 de abril de 2020 ata o día 17 de agosto de 2020, 4 meses de prazo por mor do estado de alarma.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 15 de abril de 2020.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0772

## PALAS DE REI

### Anuncio

Aprobada inicialmente a desafectación do ben de dominio público

REFERENCIA CATASTRAL	LOCALIZACIÓN	TITULAR	COEFICIENTE TITULARIDADE
27040A108090310000HK	VILASEÑOR; Clase: Rustico; Superficie: 1296 m2; Coeficiente: 100%; Uso: Agrario	P2704000E	100%

por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 10 de marzo de 2020 de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://palasderei.sedelectronica.es>].

Palas de Rei, 22 de abril de 2020.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0773

## TRABADA

### Anuncio

#### INFORMACION PÚBLICA

Por Decreto da Alcaldía de 17 abril de 2020, prestouse aprobación inicial da Taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao (1º bimestre do ano 2020), exponse ao público polo prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo.

Recurso: Contra o decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Alcaldía do Concello de Trabada.

Contra a resolución expresa ou presenta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 4 de maio de 2020 ata 4 de xullo de 2020. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Trabada, 21 de abril de 2020.- A Alcaldesa, Mayra Garcia Bermúdez.

R. 0774

## O VICEDO

## Anuncio

Tendo sido aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o orzamento municipal para o exercicio económico de 2020, segundo o acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2020, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que o citado orzamento ascende en gastos, á contía de DOUS MILLÓNS TRINTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (2.037.672,20 euros) e en ingresos á contía de DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (2.250.000,00 euros) correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle:

## ESTADO DE GASTOS

Capítulo 1.- Gastos de persoal.....	1.099.909,81
Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos.....	599.068,82
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	1.000,00
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	70.320,00
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.....	---
Capítulo 6.- Investimentos reais.....	267.373,57
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	---
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	---
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	---
<b>TOTAL GASTOS.....</b>	<b>2.037.672,20</b>

## ESTADO DE INGRESOS

Capítulo 1.- Impostos directos.....	817.608,75
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	5.574,33
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.....	201.895,02
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.003.045,57
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2.783,80
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	---
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	219.092,53
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	---
Capítulo 9.- Pasivos financeiros.....	---
<b>TOTAL INGRESOS.....</b>	<b>2.250.000,00</b>

Na citada sesión, tamén se aprobou o cadro de persoal da Corporación que, consonte ó preceptuado no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, reproducése de seguido:

CADRO DE PERSOAL.-

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	EFFECTIVOS	GRUPO	CD
<b>1.- <u>Escala de Habilitación Estatal</u></b>			
Subescala: Secretaría-Intervención. Secretario-Interventor.	1	A1	28
<b>2.- <u>Escala de Administración Xeral.</u></b>			
Subescala: Auxiliar Administrativo Auxiliares Administrativos.	2	C2	18
Subescala: Subalterno Alguacil de Servicios Múltiples (Vacante)	1	E	14
<b>3.- <u>Escala de Administración Especial</u></b>			
Subescala: Técnica.	1	A2	24

Arquitecto técnico municipal (3/4)

Subescala Servizos Especiais Operario de Servizos Múltiples (Interino)	1	E	14
--	---	---	----

**B) FUNCIONARIOS INTERINOS**

EFECTIVOS

GRUPO

CD

2.- Escala de Administración Xeral.

Subescala: Administrativo Administrativo (art. 10.1 c) TREBEP)	1	C1	14
---	---	----	----

Subescala: Auxiliar Administrativo Aux. Administrativos (art. 10.1 c) TREBEP)	1	C2	18
---	---	----	----

**C) PERSOAL LABORAL FIXO**

EFECTIVOS

GRUPO

CD

Encargado Centro Socio-Cultural	1	A2	24
---------------------------------	---	----	----

Padexeiro/Operario Servizos Múltiples	1	E	14
---------------------------------------	---	---	----

**D) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO**

EFECTIVOS

GRUPO

CD

Asistente social / auxiliar administrativo	1	A2	24
--	---	----	----

Axente de emprego e desenvolvemento local (sentenza xudicial/Xulgado do Social nº 2 de Lugo 20/2019)	1	A2	21
--	---	----	----

Aux. administrativo Servizos Sociais 3/4 (Sentenza xudicial/Xulgado do Social nº2 de Lugo/315/2013)	1	C2	18
---	---	----	----

Peón - condutor (Sentenza xudicial/Xulgado do Social nº 3 de Lugo 25/2015)	1	E	14
--	---	---	----

**E) PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

EFECTIVOS

GRUPO

CD

Técnico de educación infantil	2	B	16
-------------------------------	---	---	----

Axente TIC (xornada parcial)	1	B	16
------------------------------	---	---	----

Auxiliar de turismo	1	C2	14
---------------------	---	----	----

Animador socio cultural	1	C2	14
-------------------------	---	----	----

Auxiliar administrativo secretaría	1	C2	18
------------------------------------	---	----	----

Auxiliar administrativo cursos AFD (50% xornada)	1	C2	18
--	---	----	----

Auxiliares de axuda a domicilio	12	E	14
---------------------------------	----	---	----

Peón recollida lixo	1	E	14
---------------------	---	---	----

Limpadora casa cultura e outros (70% xornada)	1	E	14
---	---	---	----

Limpadora casa consistorial	2	E	14
-----------------------------	---	---	----

Peóns de protección de medio ambiente	5	E	14
---------------------------------------	---	---	----

Operario servizos múltiples adscrito a oficinas administrativas	1	E	14
--	---	---	----

Peón de servizos múltiples Plan Único/19	1	E	14
--	---	---	----

Peón de mantemento de zonas naturais. Plan Único/19	2	E	14
--	---	---	----

Xefe brigada campaña incendios/20	1	C1	14
-----------------------------------	---	----	----

Peón condutor campaña incendios /20	1	E	14
-------------------------------------	---	---	----

Peóns incendios campaña /20	3	E	14
-----------------------------	---	---	----

Condutor motobomba campaña incendios /20	3	E	14
--	---	---	----

**F) PERSOAL EVENTUAL: NINGÚN.-**

O cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións e axudas que este Concello poida recibir para financiar a contratación de persoal para obras e servizos determinados, tales como as que poidan proceder da Comunidade Autónoma ou outros organismos públicos, ou ben, por necesidades urxentes ou inaprazables.

Consonte ó preceptuado no artigo 171.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal poderase interpor directamente recurso contencioso – administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdición contencioso – administrativa.

O Vicedo, 23 de abril de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0775

**XERMADE***Anuncio***MODIFICACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL DA ALCALDÍA.**

Consonte ao artigo 38 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 08 de agosto de 2019 acordou modificar a dedicación parcial da Alcaldía acordada na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019:

**“7º. Modificación da dedicación parcial da Alcaldía.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 5 de agosto de 2019, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA****ASUNTO: MODIFICACIÓN DEDICACIÓN PARCIAL ALCALDÍA.**

Por acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019 con motivo da organización da Corporación 2019-2023 recoñeceuse unha dedicación parcial de 30 horas/semana (75%), cun soldo bruto anual de 20.400 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.700 euros), a partir do 1 de agosto de 2019, á Alcaldía-Presidencia.

Por acordo do Pleno da Deputación Provincial celebrado o 30 de xullo de 2019 acordouse recoñecer unha dedicación parcial do 50% ao deputado delegado da área de Participación Cidadá (BOP nº 177 do 03/08/2019), cargo que ostento por nomeamento da Presidencia (BOP nº 174 do 31/07/2019). Por tal motivo, o 31/07/2019 presentei un escrito solicitando que se deixara en suspenso a aceptación da dedicación parcial do Concello de Xermade.

Procede, xa que logo, modificar a retribución parcial da Alcaldía, reducindo ao 50% o tempo de dedicación e as retribucións, que quedan do seguinte xeito: 20 horas/semana, cun soldo bruto anual de 13.600 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.133,33 euros), a partir do 1 de setembro de 2019 (data na que se fará efectivo o pase a servizos especiais como funcionario da Xunta de Galicia).

Visto o informe emitido pola Intervención o 09/07/2019, en sentido favorable, con observacións referidas ao cumprimento dos requisitos do art. 7 da Lei 53/1984.

Xa que logo, ao abeiro do disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 13 do Regulamento de Organizacións, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Modificar a dedicación parcial recoñecida á Alcaldía por acordo plenario de data 15 de xullo de 2019, que pasa a ser de 20 horas/semana, cun soldo bruto anual de 13.600 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.133,33 euros), a partir do 1 de setembro de 2019.

Esta cantidade se incrementará anualmente na porcentaxe que o Goberno fixe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos.

Tal e como establece o artigo 13.4 do RD 2.568/1986 (ROF) o nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**SEGUNDO.-** Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Xermade.

**TERCEIRO.-** Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Deputación Provincial de Lugo, para o seu coñecemento e efectos.

En Xermade, a 5 de agosto de 2019. O alcalde Roberto García Pernas

## ----- DEBATE EN PLENO -----

Sometido o asunto a votación, por cinco votos a favor do grupo socialista, dous votos en contra do grupo popular e ningunha abstención, apróbase a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 23 de abril de 2020.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0776

*Anuncio***MODIFICACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA CORPORACIÓN ACORDADO NA SESIÓN PLENARIA DO 15 DE XULLO DE 2020.**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 16 de abril de 2020, acordou por unanimidade a modificación do réxime retributivo estipulado na sesión plenaria do 15 de xullo de 2019, consonte á proposta que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA****ASUNTO: MODIFICACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO DA CORPORACIÓN ACORDADO NA SESIÓN PLENARIA DO 15 DE XULLO DE 2019.**

Por acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019 con motivo da organización da Corporación 2019-2023 aprobouse o réxime retributivo da Corporación, recoñecendo dúas dedicacións parciais (Alcaldía e Concellaría de Medio rural, Emprego, Infraestruturas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal) e as indemnizacións por asistencias a órganos colexiados.

Na sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 08 de agosto de 2019 acordouse a modificación da dedicación parcial de Alcaldía, que pasa de 30 horas/semana, cun soldo bruto anual de 20.400 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.700 euros), a ser de 20 horas/semana, cun soldo bruto anual de 13.600 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 1.133,33 euros), a partir do 1 de setembro de 2019. A día de hoxe, o Sr. Alcalde aínda non aceptou a súa dedicación parcial.

A dedicación parcial do concelleiro de Medio rural, Emprego, Infraestruturas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal fíxose efectiva o 01 de agosto de 2019, e é de 12 horas/semana, cun soldo bruto anual de 7.200 euros en 12 pagas (soldo bruto mensual de 600 euros). Co incremento do 2% das retribucións dos empregados públicos, dende o 01/01/2020 o salario bruto mensual é de 612 euros.

As indemnizacións pola concorrencia efectiva dos/das concelleiros/as ás sesións e xuntanzas dos órganos colexiados municipais dos que formen parte, ascenden ás seguintes contías:

- Pleno: 60,00€
- Xunta de Goberno Local: 100,00€
- Comisión Especial de Contas, Mesas de Contratación, órganos colexiados externos e outros órganos previstos en regulamentos e/ou ordenanzas municipais: 40,00€

A situación excepcional por mor da pandemia do COVID-19 e o estado de alarma declarado polo Goberno estatal mediante RD 462/2020 do 14 de marzo (BOE nº 67 do 14 de marzo), que se mantén en vigor a día de hoxe, esixe a adopción de medidas extraordinarias por parte da Corporación municipal que permitan facer fronte aos gastos extraordinarios que acarrega, sendo os máis urxentes a adquisición de material de protección individual (luvas, máscaras, etc.) tanto para os empregados municipais como para a poboación do municipio.

Por ese motivo, considerase necesario modificar o réxime retributivo da Corporación, eliminando o dereito ao abono de asistencias a órganos colexiados internos e externos dende o 16 de abril ao 31 de xullo de 2020. Asemade, a dedicación parcial do concelleiro de Medio rural, Emprego, Infraestruturas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal de Medio rural redúcese nun 25% os meses de abril, maio, xuño e xullo. Tendo en conta a periodicidade das sesións ordinarias dos órganos colexiados municipais, prevese obter un aforro para as arcas municipais neste período como mínimo de 4.296 euros.

É indispensable incluír este asunto na orde do día da sesión ordinaria que xa foi convocada e que se celebrará o 16 de abril de 2020, por eso se propón a ratificación da súa inclusión na orde do día, ao abeiro do disposto no art. 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro,

---

Xa que logo, ao abeiro do disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 13 do Regulamento de Organizacións, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Reducir nun 25% o salario que lle corresponde á dedicación parcial recoñecida á concellaría de Medio rural, Emprego, Infraestruturas de Auga, Sumidoiro, Alumeado Público e recollida de RSU, Medio ambiente e Forestal, dende o 1 de abril ao 31 de xullo de 2020, que pasa a percibir un soldo bruto mensual de 459 euros.

O resto das condicións da dedicación parcial non varían respecto das acordadas polo Pleno na sesión do 15 de xullo de 2019.

**SEGUNDO.-** Os membros da Corporación que non desenvolvan cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnización algunha pola concorrencia efectiva ás sesións e xuntanzas dos órganos colexiados municipais dos que formen parte dende o 16 de abril ao 31 de xullo de 2020, ambos incluídos.

**TERCEIRO.-** Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Xermade.

En Xermade, a 15 de abril de 2020. O alcalde Roberto García Pernas

(documento asinado dixitalmente)”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Xermade, 23 de abril de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0777

---